

EPISODIOS
EPISODIOS
EPISODIOS
DE
DE
DE
CREACIÓN
CREACIÓN
CREACIÓN
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA
CONTEMPORÁNEA

EPISODIO#05
EPISODIO#05
EPISODIO#05

RODRÍGUEZ- MÉNDEZ

IR

LIBRARÍA
NUMAX

Co apoio da



O traballo de Rodríguez-Méndez adscíbese ao campo da escultura, abordándoo dende un espazo en permanente análise e reformulación que desemboca, por medio da introdución de materiais cuxos comportamentos escapan habitualmente dos tempos cos que nos sentimos máis familiarizados, nunha temporalidade que xera certo estrañamento no espectador, pero tamén no propio artista, que se somete á impredecibilidade coa que actúan tempo e materia.

Estes materiais, de condición *perecedoira e transitoria* acadan ao mesmo tempo certa solidez natural, unha tensión discordante coa que o artista constrúe nunha *indefinición que afecta á forma final e á súa rixidez natural, a provocación da caída, conceptos básicos do material e a súa experiencia coma o peso, a densidade, a inaprehensión, a enerxía ou o residuo.*¹

Nesa liña adscíbense traballos como *Encajar una escultura*, presentado no Centro Galego de Arte Contemporánea en 2008, que consistía na introdución dunha escultura de turba, traballada sobre unha estrutura flexible de 30 metros, no Dobre Espazo do centro. A inserción forzada da escultura deixaba unha serie de marcas nas paredes e no teito que evidenciaban a violencia da acción e a noción física de que

¹ Rodríguez-Méndez: *La duración en el término*, conversa con Ángel Calvo Ulloa para Dardo Magazine #25, Santiago de Compostela, 2014.

o volume permanecía encaixado.

Segundo el mesmo, esas *condicións que me resultan imprescindibles e innegociables, téñenme achegado á linguaxe da escultura e aí me manteño, esta permíteme abrir a experiencia e a construción de proxectos, co emprego de diferentes disciplinas, ata extremos inintelixibles, unha estratexia coa cal posibilitar que as obras se sosteñan o maior tempo posible, antes do seu derrube, unha especie de andamiaxe de obras simultáneas que prolonguen no tempo unha obra en pé. A escultura por outra parte dáme licencia para o uso dun elemento que me fascina, a palabra.*²

Ir, o traballo que ocupa agora a vitrina de NUMAX, é unha obra aínda en proceso que se presentou en 2018 na exposición *Dos Mesas Monte*, acompañando un traballo titulado *Región de validez* que se introduce así: *Dende o ano 2007, a miña Nai (xastra de profesión) confecciona, cada mes, un pantalón e unha camisa coas dimensións do meu pai, que envía ao meu enderezo en Madrid nun paquete que nunca abro. Unha acción que uso como pretexto para recibir e acumular o meu nome escrito por ela, sobre unha embalaxe que contén unha información física e actual do meu pai.*

² Ib.

IR

100 follas de papel sulfurizado 100x70 cm. e líquido dourado. Madrid, 2018 (en proceso)

Dúas liñas paralelas de cor dourada sobre papel sulfurizado. Na miña man unha esfera de 6cm. de diámetro impulsa un marcador que se desliza pola superficie pulida da esfera interrompendo a liña. A obra preséntase cos 100 papeis superpostos.

Ir pretende facerse no perfecto. A fundación dunha esfera no encontro interno deses cuartos de circunferencias froito da interrupción da liña. Se alguén consegue visualizar esa esfera deixará entón de ser perfecta, dende a lóxica de que só o perfecto se pode comprender en si mesmo.